

Concello de Begonte

Proceso selectivo: Bolsa de emprego como funcionario interino da escala de administración xeral e subescala administrativa.

ACTA DA REUNIÓN DO TRIBUNAL PARA RESOLVER AS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS Á PRIMEIRA PROBA DESPOIS DE ESTABLECER UN NOVO PRAZO DE RECLAMACIÓN TRÁS A ACTA PUBLICADA O 06/07/2022.

Lugar: Celebrada por medios telemáticos, mediante intercambio de información a través do correo electrónico e vía telefónica.

Data: 12/07/2022

Hora de inicio: 9:30

Hora de finalización: 13:00

Asistentes:

Presidente: Ramón Martínez Gómez

Secretario: Alberto Lugilde Gude

Vogais: Pilar Gayoso Rifón, Natalia Puente Piñeiro

Reunidos os integrantes do Tribunal, mediante comunicación telemática ao obxecto de resolver as cuestións que se expresan no encabezamento, aproban por unanimidade os seguintes.

ACORDOS

Resolución das reclamacións presentadas tras establecer un novo prazo de reclamación publicado na acta de 06/07/2022, á primeira proba.

En relación coas reclamacións presentadas en prazo e forma polo aspirante D. ADRIÁN MATOS GÓMEZ, mediante o seu escrito con data do 7 de xullo de 2022 (Rexistro de Entrada co nº 2022-E-RE-352), cabe sinalar o seguinte:

Reclamación respecto da pregunta 25.-

Alégase polo reclamante que nesta pregunta hai 3 respostas incorrectas (a resposta a), a resposta b) e a resposta c), cando con todo por parte do Tribunal á hora da corrección da citada proba e publicación do persoal coas respostas correctas sinálase como resposta incorrecta a c).

É certo que, á vista do disposto no art. 13 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a redacción literal das respostas a) e b) do exame non son exactamente iguais ás da citada norma e pode inducir a confusión entre os aspirantes.

Por iso, o Tribunal – por unanimidade dos seus membros - acorda admitir a reclamación presentada, procedendo á súa anulación e substitución pola pregunta Reserva nº 1, coa consecvente nova puntuación resultante.

Reclamación respecto da pregunta 32.-

Alégase polo reclamante que nesta pregunta hai 2 respostas correctas: a resposta b) e a resposta d), xa que na propia definición de Comisión Informativa aparece o enunciado na resposta d).

Á vista do disposto no art. 113, do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais – aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro -, é preceptivo o informe previo da correspondente Comisión Informativa no caso do exercicio pola Comisión de Goberno de competencias delegadas polo Pleno, pero non no caso de competencias delegadas polo Presidente da Corporación.

O Tribunal- por unanimidade dos seus membros – de conformidade co anterior, acorda desestimar esta reclamación do interesado.

Realizadas as tarefas de revisión correspondentes, como consecuencia da anulación da pregunta 25, o Tribunal acorda por unanimidade o seguinte:

PRIMEIRO. Elevar a definitiva a plantilla provisional de respostas publicada en data 28/06/2022, acodándose anular a pregunta 25, substituíndoa pola primeira pregunta de reserva:

PLANTILLA DE RESULTADOS

1	C	21	A	41	B
2	B	22	A	42	C
3	C	23	C	43	B
4	A	24	D	44	C
5	A	25	C (ANULADA)	45	A
6	A	26	A	46	D
7	A	27	A	47	C
8	D	28	A	48	B
9	A	29	B	49	B
10	D	30	D	50	A
11	D	31	A		
12	B	32	B		
13	B	33	C		
14	C	34	B		
15	B	35	A		
16	C	36	A		
17	A	37	C		
18	B	38	A		
19	D	39	A		
20	A	40	C		

PREGUNTAS RESERVA

R1	B
R2	D
R3	A
R4	D
R5	D

SEGUNDO. Así mesmo, fanse públicas as puntuacións definitivas:

NOME E APELIDOS	RESPOSTAS			PUNTOS
	CORRECTAS	INCORRECTAS	BLANCA	
NANCY ANDION PENA	25	15	10	3,50
ADRIAN MATOS GOMEZ	45	4	1	8,60
MARIA DEL CARMEN VAZQUEZ RODRIGUEZ	48	1	1	9,40

Conforme a base décima da Convocatoria, cítase aos aspirantes que teñan obtido ou superado a puntuación de 5,00 a realización da segunda proba obrigatoria e eliminatoria na aula de informática da antiga Cámara agraria sita na Praza Irmáns Souto Montenegro de Begonte o día 15 de xullo ás 10h00.

Publicarase a presente acta no taboleiro electrónico de anuncios do Concello de Begonte.

O Presidente,

O Secretario,

Os Vogais,